



GUÍA DE PARTICIPACIÓN

PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DA
ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE
2019/20

TR 332A 2019 / 8

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN	3
2. FUNCIONAMIENTO DO PROXECTO	4
- BENEFICIOS POR PARTICIPAR	4
- OBRIGAS E COMPROMISOS	5
• ACCIONS INDIVIDUAIS	5
• ACCIONS GRUPAIS	6
- UNHA BOA COMUNICACIÓN	7
3. MÁIS COUSAS QUE DEBES SABER	9
- INCOMPATIBILIDADES	9
- AXUDAS Ó DESPRAZAMENTO	9
- ESPAZO DE CONCILIACIÓN	9
- SEGURO DE ACCIDENTE E RESPONSABILIDADE CIVIL	9
4. SEGUIMENTO E AVALIACION DO PROGRAMA	10
5. ENDEREZOS E COMUNICACIÓN XERAL	11

1. PRESENTACIÓN

A Asociación Área Empresarial do Tambre naceu en 1979 coa finalidade de defende-los intereses comúns das empresas do Polígono do Tambre. Ten como finalidade a defensa dos intereses xerais e comúns das empresas asociadas así como a dinamización e fornecemento do tecido empresarial da cidade e da súa área de influencia.

Actualmente no parque empresarial (configurado polos Polígonos do Tambre, A Sionlla, Boisaca e Costa Vella) están instaladas arredor de 400 empresas, creando uns 6.500 empregos directos.

Un dos servizos que oferta esta entidade é a de facilitar a selección de persoal das empresas, para o que creamos unha Bolsa de Empleo que funciona dende hai máis de 15 anos a través da cal preseleccionamos candidatos e candidatas para cubrir as necesidades de persoal non só das empresas da área empresarial, senón tamén das empresas e comercios de Santiago e Comarca. No ano 2015 apostamos por dar un paso máis e puxemos en marcha o Programa de Empleo Tambre Traballa I e xa estamos coa quinta edición do proxecto, do que tí formarás parte.

Os Programas Integrados de Empleo son una medida activa de emprego dirixida a mellorar a ocupabilidade das persoas en situación de desemprego ou apoiando o mantemento do emprego unha vez que este é acadado. Están financiados pola Consellería de Economía, Empleo e Industria da Xunta de Galicia.

Queremos darte a benvida ó **Programa Integrado de Empleo de Asociación Área Empresarial do Tambre 2019/20** dirixido a persoas en situación de procura activa de emprego, menores de 30 anos e mulleres, empadroadas no Concello de Santiago.

O programa durará ata o vindeiro **14 de novembro de 2020**, tempo no que imos desenvolver diferentes accións de orientación, formación, de asesoramento, acompañamento laboral, de prospección... co obxectivo de mellorar o teu perfil profesional, e encamiñadas a que poidas acadar o teu obxectivo.

Mentres estas no programa non terás que renovar a tarxeta de desemprego (DARDE).

Se buscas mellorar as túas posibilidades de obter emprego, se precisas formación e capacitación para desempeñar a profesión que queres e/ou se precisas axuda e orientación estas no sitio adecuado.

Comezamos!

2. COMO FUNCIONA O PROXECTO

A túa **actitude e implicación** serán decisivas para que poidas sacarlle o maior proveito posible a participar neste programa de emprego e que sexa unha experiencia construtiva e positiva.



Canto maiores sexan estas máis se retroalimentarán coas nosas, e farán que xuntos/as academos mellores resultados, o/a protagonista de todo o proceso serás ti, e re-definirémolo, re-centrarémolo, adaptarémolo as veces que sexa necesario... pero dependerá en grande medida da túa participación activa nel.

BENEFICIOS POR PARTICIPAR

Ó participar nesta nova edición do programa comezas un ano de oportunidades onde descubrirás novos aspectos e traballarás para mellorar a túa situación de cara a atopar o emprego que estás a procurar.

- Axudarémote a descubrir as túas capacidades, os teus puntos fortes, todo aquilo que se che da ben, e traballaremos naqueles outros puntos que necesitas mellorar. Traballarás a confianza en ti mesmo/a e as túas potencialidades.
- Atoparás novos retos e acadarás novas metas. Impulsarás e reforzarás a túa motivación.
- Atoparás un espazo onde compartir a túa mesma situación e xuntar esforzos. Enriquecerás o teu círculo social e de contactos sociolaborais.
- Recibirás orientación laboral en técnicas de procura de emprego, realización de currículums, realización de cartas de presentación, preparación de entrevistas de traballo,...
- Recibirás información sobre recursos na rede: páxinas web, aplicacións, portais de emprego, recursos públicos,...
- Terás información sobre contratos, convenios, salarios,...sobre o emprego por conta allea e tamén por conta propia.
- Recibirás información sobre ofertas de emprego e xestionaremos prácticas en empresas.

- Recibirás información sobre a procura de emprego non só na cidade na que resides, senón tamén noutras cidades, noutras comunidades ou noutros países, asesorándote sobre a mobilidade laboral.
- Recibirás formación personalizada, tanto para aprender unha profesión, como para mellorar a túa situación nela –formación complementaria e transversal: formación en idiomas, informática, como realizar entrevistas de traballo, carretilla elevadora, manipulación de alimentos, etc.

OBRIGAS E COMPROMISOS

Ó inscribirte no proxecto acadarás un compromiso de **participación activa** nas actividades, formacións e entrevistas.

Como sabes a túa participación implica a realización de 5 accións individuais e 3 accións grupais (formacións, prácticas, seminarios, encontros profesionais...), contámosche agora como as imos desenvolver:



As **accións individuais** son entrevista coa orientadora laboral, polo menos deberás facer 3, estarán centradas en:

Definir o teu perfil profesional	Definir un itinerario personalizado para atopar emprego	Revisión e mellora do teu currículum	Como realizar unha carta de presentación
Preparación de procesos de selección e entrevistas de traballo	Asesoramento e información sobre formación	Información sobre portais de procura de emprego	Análise de ofertas de emprego
Apoio no teu posto de traballo: nervios, conflitos, situacións de estrés, etc.	Información sobre mobilidade laboral	Realizar as túas achegas para a realización de actividades ou propostas de mellora	Asesoramento sobre contratos, convenios, etc.

As **accións grupais** están formadas por cursos de diferente natureza, terás a oportunidade de realizar 3 accións dalgunha das seguintes formacións.

FORMACIÓN PARA O EMPREGO: Formación vencellada á adquisición dunha profesión, a súa especialización ou reciclaxe profesional cunha duración ampla de clases teórico-prácticas e realización de prácticas en empresas.

- Certificado de profesionalidade: Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil
- Atención básica ao cliente (MF1329_1)
- Operacións auxiliares de almacenaxe (MF1325_1)

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: Formacións de duración curta que continúa na liña de especialización profesional e o teu posicionamento no mercado laboral.

- Operador/a de carretas elevadoras NORMA UNE 58451
- Venta e marketing online
- Curso obtención certificado de manipulación de alimentos
- Outras necesidades formativas que vaíamos detectando segundo os perfís profesionais

FORMACIONES TRANSVERSAIS: Formacións de curta duración encamiñadas a descubrir os teus puntos fortes e poñelos en valor, e traballar naquelas que necesitas seguir adquirindo ou mellorando. Son comúns a diferentes sectores e profesións.

- Busca activa de emprego: automotivación, estratexias e ferramentas
- Coaching e motivación
- Habilidades sociolaborais
- Obradoiro de entrevistas laborais
- Intelixencia emocional
- Autoemprego e xestión empresarial
- Uso das novas tecnoloxías para a busca de emprego
- Inglés comercial / atención ó público
- Prevención de riscos laborais
- Primeiros auxilios e DESA

- Mobilidade laboral e procura de emprego no estranxeiro
- Outras necesidades formativas que vaíamos detectando segundo os perfís profesionais

Persoal técnico do proxecto acordará contigo as accións a realizar, xuntos marcaredes o camiño a seguir para acadar o obxectivo da inserción laboral.

Estarás informado/a en todo momento das novas convocatorias de cursos e accións relacionadas co obxecto do programa integrado que poidan ser do teu interese e que te axuden na procura de emprego.

Para un bo desenvolvemento das anteriores **ACCIONES INDIVIDUAIS** e **GRUPAIS** e garantir as maiores cotas de éxito será necesario que manteñas un contacto fluído e constante coas orientadoras laborais, que cumpras os compromisos acadados e que achegues a documentación que se te solicitará durante o proxecto (DNI, vida laboral, novos contratos de traballo...)

MOI IMPORTANTE: UNHA BOA COMUNICACIÓN

Co persoal técnico do proxecto

Manter un contacto estable e responsable co teu orientador/a comunicándolle aqueles aspectos directamente relacionados coa túa situación laboral: entrevistas, altas e baixas de contratos, asistencia a formacións, vida laboral cando comezas a traballar (é obrigatorio, podes facela chegar en persoa, email ou messenger)...



A comunicación darase con ela a través de teléfono, email, e Facebook, whatsapp, para cuestións relacionadas con entrevistas, ofertas de emprego, formación.

Aproveita ben todas as canles, responde sempre as comunicacións e mantén un proceso de procura activa de emprego dedicándolle tempo tódolos días.

Co Servizo Público de Emprego

Lembra que actualmente, e ata o vindeiro 14/11/2020, a túa condición e de "SUSPENSIÓN". Tras esta data debes acudir a túa oficina a "DEMANDAS" a actualizar a túa situación e facilitaranche unha nova tarxeta de demandante de emprego con novas datas de selado. Tes que informar tamén cando comeces a traballar.

Lembra que cada vez que remates un emprego tes que volver a darte de alta como demandante de emprego na túa oficina. Non hai un cruce de datos automático entre a Seguridade Social e o Servizo Público de Emprego de Galicia e o SEPE.

Co Programa Nacional de Garantía Xuvenil

Lembra que debes estar inscrito para ter máis opcións de inserción laboral pero non podes cursar as formacións deste programa.

Con outras entidades nas que participes da súa formación ou servizo de emprego

Infórmalles da túa participación no programa se consideras que -baixo o teu consentimento sempre- é importante que nos coordinemos.



3. MAIS COUSAS QUE DEBES SABER

INCOMPATIBILIDADES

A túa participación neste programa é incompatible coa participación noutros programas sostidos con fondos públicos.

Ante calquera dúbida non dubides en consultarnos!

AXUDAS Ó DESPRAZAMENTO

Recibirás unha axuda de 5 €/día de asistencia ás accións, segundo o artigo 14.d da orde de convocatoria.

ESPAZO DE CONCILIACIÓN

Dispoñemos dun espazo nas nosas instalacións, acondicionado para ó coidado de menores de entre 3 a 12 anos para facilitar que poidas asistir ás nosas formacións.

Se teñen outras idades non dubides en consultárnolo para estudar a túa situación e atopar unha solución.

Este espazo estará cuberto por unha persoa profesional de atención á infancia e o tempo libre.

Podes acudir nos descansos a este espazo a acompañalos/as.

En función da formación o horario poderá ser de mañá ou de tarde.

Para que poidamos darche unha atención correcta necesitamos, en termos xerais, que solicites este servizo con 3 días de antelación como mínimo.


Temos previsto a celebración de convenios de colaboración con escolas infantís, ludotecas e empresas prestadoras de servizos de coidado de menores cando sexa necesario segundo a situación socio-familiar para ofrecerche outras opcións de conciliación.

SEGURO DE ACCIDENTE E RESPONSABILIDADE CIVIL

Estás cuberto/a por unha Póliza de Responsabilidade Civil para todas as accións que realicemos, e por un seguro de accidentes durante as accións formativas e as prácticas en empresa.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA.

Creemos no compromiso coa calidade e a avaliación continua de todo o proceso que imos compartir, é por iso que imos levar a cabo diferentes cuestionarios que deberás cubrir ó longo destes meses respecto das diferentes accións que iremos desenvolvendo.



- **Cuestionario das accións individuais:** onde avaliarás a satisfacción coas accións de orientación, asesoramento e entrevistas co persoal técnico do proxecto.
- **Cuestionario das actividades de formación:** onde avaliarás a satisfacción coa acción grupal.
- **Cuestionario de avaliación das prácticas:** onde indicarás a túa satisfacción coas prácticas realizadas en empresas e/ou entidades.
- **Cuestionario de satisfacción xeral:** este será o cuestionario final, nel avaliarás e comentarás a túa experiencia no programa.



5. ENDEREZOS E COMUNICACIÓN XERAL

ENDEREZO	PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE 2019-20 Rúa vía Edison Nº 1, 15890 Santiago de Compostela AULAS DE FORMACIÓN No mesmo enderezo, agás que se indique o contrario ESPAZO DE CONCILIACIÓN No mesmo enderezo, agás acordos puntuais
TELÉFONO	981 55 28 50
CORREOS ELECTRÓNICOS	orientacion1@areaempresarialdotambre.com orientacion2@areaempresarialdotambre.com
HORARIO	De luns a venres 9:00 -14:00 16:00 - 20:00 horas
REDES SOCIAIS	Perfil público: https://www.facebook.com/AsociaciónÁreaEmpresarialDoTambre Grupo pechado: Programa Integrado de Empleo da Asociación Área Empresarial do Tambre 2019-20
	SERVIZO DE PROGRAMAS MIXTOS PROGRAMAS INTEGRADOS DA XUNTA DE GALICIA
TELÉFONO	981 54 59 45 / 881 99 96 29
CORREO ELECTRÓNICO	programas-integrados.traballo.santiago@xunta.gal
	SELO DA ASOCIACIÓN Asinado Polo Responsable do Programa

